



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE DODRO PARA A SINALIZACIÓN DA SENDA PEONIL ESTEIRO DO ULLA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Dodro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello para a sinalización da senda peonil Esteiro do Ulla.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo.

Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo, redactado polo número 8 do artigo primeiro da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, que inclúe no apartado h) do parágrafo 2 como competencia propia dos municipios a *“información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”*.





Terceiro.- Os artigos 193.1 b) e 195.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscrición de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Cuarto.- A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar ao desenvolvemento das actuacións indicadas, por ser unha iniciativa de relevancia co obxecto de promover o turismo no Concello. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública.

Que a través deste convenio, outórgase ao Concello de Dodro unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

